



Asemblea Local de Betanzos

## Propostas para incluír no proxecto a presentar aos fondos FEDER

### ECONOMÍA SUSTENTÁBEL

- Posta en marcha dun banco de terras municipal nos terreos do Concello nas Minas. Preservarase polo seu valor ambiental a zona de humidal e recuperarase o resto para o seu uso agrario.
- Programas deportivos no medio natural, que permitirán xerar unha vía de ingresos para os clubs da cidade e un apoio á oferta turística mediante rotas en piragua, cabalo, sendeirismo, acampadas, cicloturismo,... Estes programas, asemade, permitirían tamén xerar emprego neste novo sector.
- Apoiar a creación de industrias de reciclaxe e a optimización de recursos e o aproveitamento de residuos para a reciclaxe e a compostaxe. Isto permitirá crear emprego en novos sectores.
- Incentivar a recuperación de oficios que impliquen reparación, mantemento e reciclaxe local de materiais usados. Integrar o punto limpo do municipio con estes servizos.
- Promover a creación de servizos comunitarios, de barrio ou parroquia, para reducir o consumo enerxético particular e axudar aos colectivos en risco de exclusión social. Por exemplo: aluguer de maquinaria, lavanderías...
- Fomentar a creación de pequenas explotacións ecolóxicas urbanas xestionadas por colectivos sociais, destinadas ao autoabastecemento. Promover o uso compartido de maquinarias para uso agrícola, como tractores.
- Poñer a funcionar un banco de terras, para poñer en contacto a propietari@s de fincas produtivas con persoas interesadas na produción de horta pero que carezan de terra. Incluír nese banco de terras os terreos municipais baldíos (As Minas).
- Apostar pola rehabilitación, tanto en barrios históricos como en núcleos tradicionais.

### ECOLOXÍA

- Limpar a parcela da traseira do parque Pablo Iglesias chea de restos de obras, escombros e podas. Levar todos estes restos ao punto limpo municipal. Adecentar esta parcela, que está completamente descuidada.
- Adoptar medidas para minimizar os efectos das mareas no barrio da Ribeira. Limpeza periódica das beiras do río. Sinalización e desvío dos vehículos cando se prevean mareas vivas para evitar que as ondas que levanta o tráfico faga que a auga se introduza nos baixos e negocios. Requirir do Ministerio os estudos e proxectos elaborados para valorar a súa viabilidade coa veciñanza do barrio.
- Impulsar proxectos de restauración ambiental e enriquecemento dos solos nos xardíns e montes en base á compostaxe. Isto permitirá reducir gasto nos xardíns municipais.
- Reducir o consumo de papel e introducirse o papel reciclado na Administración municipal.
- Recuperar de forma ecolóxica o bordo fluvial degradado dos ríos nas zonas



Asemblea Local de Betanzos

do Frade, Areal, Acea, Cañota, Xuncaliño, Caraña,... Reservaremos as beiras dos ríos como zonas libres, zonas verdes, con equipamentos deportivos e sendeiros ambientais, programas de hortas comunitarias, etc de forma que garantan a conservación do medio e dos valores etnográficos do labradío.

- Eliminar as especies invasoras.
- Mellorar o medio ambiente urbano coa ampliación das zonas verdes e a plantación de árbores axeitadas (pola altura, o tipo de raíces, etc.) ás condicións que presentan as rúas do centro da cidade.
- Levar adiante programas a prol da biodiversidade (árbores froiteiras, casetas para aniñar paxaros,...)

#### MOBILIDADE

- Defender o mantemento e creación de liñas de autobuses nocturnas subvencionadas de carácter comarcal para facilitar a mobilidade xuvenil e reducir a sinistralidade
- Promover o transporte saudábel, sobre todo a bicicleta, con carrís biciamigábeis e aparcadoiros en puntos de interese xuvenil.
- Substituír a zona azul de pago do estacionamento (ORA) por un sistema de rotación gratuíto do aparcamento e, en consecuencia, rematar co convenio co estacionamento soterrado do Campo (aforro enerxético).
- Solicitar á Xunta de Galiza a revisión das concesións para as liñas de autobuses para incluír os polígonos industriais e novos núcleos de poboación excluídos das mesmas a pesar de estar no seu percorrido.
- Ubicar a estación de autobuses nos terreos onde se asenta *Riego*.
- Poñer en marcha un servizo de transporte público que conecte as parroquias coa propia cidade de Betanzos, atendendo especialmente as fins de semana e o horario nocturno.
- Habilitar estacionamentos nas inmediacións das estacións de buses e tren para promover que a xente entre e saia de Betanzos utilizando o transporte público.
- Poñer en marcha un sistema de información sobre os horarios, frecuencias e rutas dos distintos transportes públicos, renovando as paradas e deseñando unha aplicación para móbiles.
- Facilitar sistemas de uso compartido de vehículos.
- Desincentivar o uso de vehículos particulares favorecendo outros medios de transporte, priorizando o acceso peonil e en bicicleta ao centro da cidade.
- Limitar o acceso do tránsito rodado ao Casco Histórico, reservando o estacionamento ás persoas residentes.
- Reurbanizar o Casco Histórico con renovación de servizos con tendidos eficientes e de aforro de recursos.
- Facilitar e promover a mobilidade en bicicleta, creando itinerarios seguros para moverse en bicicleta, sobre todo na zona máis baixa da cidade, que é a que máis se presta a este tipo de transporte.
- Ubicar nas zonas de estacionamento situadas á entrada da cidade e nas estacións de buses e tren mapas que indiquen a distancia ao centro e aos



Asemblea Local de Betanzos

puntos de interese en metros, pero tamén no tempo que leva cubrir esa distancia a pé.

- Delimitar camiños seguros escolares para que o alumnado poida acceder a pé ao seu centro de estudos.

#### SANEAMENTO

- Posta en funcionamento dunha experiencia de saneamento descentralizado a través de brañas artificiais naqueles grupos de vivendas que non contan con conexión ao saneamento
- Optar polo saneamento descentralizado e as brañas artificiais nos nucleos rurais sen servizo e urbanizacións con problemas de enganche á rede.
- Rematar a rede de saneamento municipal, optando por alternativas máis eficientes e ecolóxicas e menos custosas, como as "brañas artificiais".

#### ALUMEADO

- Mudar a iluminación das festas por alternativas que reduzan ou directamente non supoñan un consumo de enerxía eléctrica.
- Redución das luminarias en rúas cunha cantidade excesiva delas como a rúa Travesa ou a Avda García Naveira e cambio a leds, menos contaminantes e con menor consumo.
- Estudar o cambio no dereito de aproveitamento do salto de auga do muíño que o Concello ten en Caraña de Abaixo para aproveitamento eléctrico e reducir o consumo eléctrico do Concello.
- Estudar a posibilidade de mudar o contrato de subministro de enerxía optando por cooperativas enerxéticas *verdes* que ademais xeran valor engadido no propio País.
- Apostar polo uso de enerxías limpas e renovables, e pular por un cambio nas políticas enerxéticas, tamén no Concello. Neste sentido, fomentaremos entre a poboación as enerxías limpas e alternativas facilitando asesoramento técnico ou de xestión de subvencións.

#### LIXO

- Promover nos locais sociais e en colaboración co punto limpo unha cooperativa que daría emprego na parroquia para elaborar produtos a través da reciclaxe, por exemplo xabón a partir de aceite usado.
- Elaborar, onde for necesario, un plano de selado e eliminación de vertedoiros, con aplicación de medidas de control e disciplina para evitar vertedoiros incontrolados.
- Implantación da recollida porta a porta como xeito de optimizar o reaproveitamento dos residuos, rebaixar o custo do servizo para o concello e poder rebaixar as taxas.
- Implantar sistemas de tratamento de residuos sólidos e augas residuais que sexan realmente sustentábeis e autosuficientes. Aproveitar o residuo seco obtido tras o tratamento de augas residuais para a agricultura. Compostar e reciclar ao máximo, establecendo prantas de procesamento local destinadas a esta función.
- Promover a compostaxe local dos residuos orgánicos.